

JORGE DA ROCHA

TO DROP AND LET GO

O ARTISTA

Jorge da Rocha comeza o seu proxecto en solitario no 2015, investigando sobre o contrabaixo e a voz. No 2016 grava o seu primeiro álbum *These are a few of my favorite songs*, no que reinterpreta músicas de artistas como Radiohead, Massive attack o Björk soamente con voz e contrabaixo.

En 2017 publica o seu segundo álbum como solista: *To drop and let go*, composto de 11 temas propios que sorprenden pola súa versatilidade e profunda expresividade.

En 2018 Jorge sigue presentando e desenrolando o seu directo e posta en escea, tocando en formato solo e a dúo ou trío, con artistas convidados. Da Rocha presenta o seu traballo en festivais e salas de España, Portugal, Francia, Suíza, Alemaña, Luxemburgo e Romanía.

O ESPECTÁCULO

Jorge da Rocha combina elementos acústicos e electrónicos (contrabaixo, guitarra, voz, loop) para crear un directo innovador. Este músico multiinstrumentista propón unha viaxe sonora e emocional entre os seus traballos xa publicados *To Drop and Let Go* e *These are a few of my favorite songs* con temas de BLAU, un novo traballo que verá a luz en 2020, un universo musical desgarrador, que se move entre a luz e a beleza da escuridade.

Da Rocha rompe as fronteiras da súa traxectoria jazzística incorporando a súa paixón pola música moderna e alternativa, polas músicas do mundo, a electrónica e o formato canción.

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: Jorge da Rocha

XÉNEROS: world music



75'



TODOS OS PÚBLICOS



INFO



VÍDEO

CULTURACTIVA